

Suplemento
realizado
por ADEGA



Quinta feira,
20 de abril
de 2017
Número 10

Caderno de
análise sobre
ecoloxismo
e o ambiente
en Galiza.
Coordinación:
Manuel Soto
Castiñeira

O frecuente incumprimento das leis que protexen o patrimonio natural e cultural, mesmo por parte das administracións, centrou nestes anos grande parte das denuncias de ADEGA. A reivindicación de que as normas ambientais se cumpran converteuse nunha constante nas demandas ecoloxistas e obrigou a redefinir as estratexias destes colectivos. No conxunto do traballo gañou peso a educación ambiental e a formación, mais sen descoidar a denuncia e a reivindicación, para a que agora se combina a clásica protesta na rúa coas ciberaccións, ofrecendo esta última vía unha resposta áxil e con potencial de chegar directamente a toda a base ecoloxista e máis aló. A denuncia de incumprimentos da normativa e as alegacións a novos proxectos ou modificacións nos existentes centra o traballo cotián de ADEGA, e rexistrou máis dun centenar de entradas no pasado 2016. De todo isto fálanos Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA. >>>>> 2-5

O papel reivindicativo do movemento ecoloxista hoje: o traballo de ADEGA



Arquivo ADEGA

Entrevista a Fins Eirexas, secretario
executivo de ADEGA

“A sociedade galega
percibe ADEGA como
unha ferramenta útil ao
servizo da cidadanía” >>> 8



Normativa ambiental e reivindicación ecoloxista

Somos conscientes de que os tempos actuais deparan novos retos que demandan novas estratexias na loita ecoloxista. Arestora, ao contrario que nos primeiros tempos, existen xa numerosas ferramentas legais que permitirían garantir unha xestión máis sustentábel da nosa natureza se houber vontade de usalas. Sermos quen de seguir desempeñando este papel de conciencia crítica e referente ambiental da sociedade, e ao tempo desenvolver iniciativas transformadoras a través da educación ambiental, o voluntariado e a custodia, sen renunciar a aquelas, é un dos principais retos que como entidade temos por diante. Analizaremos algúns exemplos que ilustran a actividade de denuncia e reivindicación de ADEGA, e que a enñan coa traxectoria histórica da nosa entidade.

Fins Eirexas

Desde unha perspectiva histórica, non cabe dúbida de que nestes últimos 40 anos os avances en lexislación de protección do ambiente foron evidentes. Recoñecéronse como dereitos fundamentais, e así se trasladaron tamén ao corpus xurídico, algúns dereitos relacionados coa conservación e bo estado do medio e dos recursos naturais.

En certa medida isto debeuse ao labor dos colectivos de defensa ambiental, fortemente reivindicativos a partir dos anos 60 e 70 do pasado século, que conseguiron facer permeábel a súa mensaxe á sociedade axudados polas cada vez máis evidentes contradicións do sistema capitalista.

Este proceso de transformación social cara a posicións menos antropocéntricas e máis biocéntricas, cun maior protagonismo das cuestións ambientais, foi -é- lento, como xa expuxo Petra Kelly, histórica fundadora do ecoloxismo político, nunha frase que se lle atribúe: "O movemento ecoloxista avanza 20 anos por diante da sociedade e esta 20 anos por diante dos políticos".

Como consecuencia e por resonancia, os poderes públicos responderon incorporando diversas normativas para protexer e regulamentar os usos dos recursos naturais e dos elementos dos ecosistemas, como a auga, o ar, o solo, a biodiversidade, etc. e máis recentemente a paisaxe ou o patrimonio inmaterial.

Hoxe as leis de carácter ambiental que protexen o patrimonio natural e cultural son numerosas, quizás demasiadas. O que acontece é que tamén son das menos respectadas e cumpridas tanto por parte da sociedade como por parte das administracións. De facto, semella que para algúns estamentos institucionais a normativa ambiental case é de "obrigado incumprimento", o que leva o movemento ecoloxista a exercer un labor de de-

nuncia e permanente marcaxe á administración.

A isto contribúe tamén a propia natureza das leis ambientais, con frecuencia intencionadamente ambiguas ou excesivamente discrecionais, e que acaban permitindo situacións e actividades diametralmente opostas ao espírito, cando non á propia letra da norma. E xa se sabe que cando convertemos a excepción en regra, na práctica non hai regras.

A este respecto o papel de moitas ONGs, en especial daquelas con máis historia, pasou da reivindicación social e conciencia crítica a actuar en certa medida como referentes e garantes das normas ambientais, cando non de "policía verde", asumindo competencias como a denuncia e o seguimento de plans e proxectos. A sociedade incorporou tamén esta visión práctica, acudindo ás entidades ecoloxistas antes que ás administracións como ferramenta útil para denunciar actuacións agresivas coa natureza.

É posíbel que este fenómeno, unido ao maior peso que a educación e o voluntariado ambiental está tendo na actividade das entidades ambientalistas, en detrimento do perfil máis clásico, inflúa na percepción de que as ONGs temos reducido noso compromiso reivindicativo con respecto a épocas pasadas.

Porén, esta percepción non se corresponde coa realidade do traballo de entidades como ADEGA, xa que á marxe das reaccións puntuais a graves catástrofes ecolóxicas (Prestige, grandes incendios...), arestora non hai practicamente ningunha temática ambiental, mesmo aquelas máis transversais, que non foran obxecto de reivindicación e denuncia.

Moitas loitas ambientais de ADEGA nos últimos tempos responden a ese modelo reivindicativo clásico, mais actualizado nas formas, como correspon-

de a esta era de internet, lonxe xa dos tempos da *volantina* e a multicopista.

REAXIR CONTRA O DESCONTROL NORMATIVO E COMENENCIA CO EUCALIPTO

A lei de montes naceu morta, xa que o PP chapodou moitas das cautelas ambientais e pechou a porta a modelos de relación coa terra diferentes ao monocultivo do eucalipto. Porén, a lei establece uns mínimos requisitos a respecto das distancias das plantacións forestais e os cambios de usos, que xunto coas disposicións doutras normas de augas e costas, limitan a plantación de eucaliptos. Tanto ten: a excesiva permisividade da Xunta para cos novos plantíos, froito dunha nada casual estratexia de *laissez faire*, contribuíu ao descontrol normativo e abriu as portas dos nosos montes e terras agrarias ao eucalipto, para negocio de ENCE.

Como consecuencia, e desde a entrada en vigor da lei de Montes, ADEGA recibiu dúzias de denuncias de entidades, e especialmente de particulares, comunicando talas abusivas ou máis frecuentemente plantacións ilegais de eucaliptos. Resulta curioso comprobar que, contra o que poida supoñerse, na sociedade rural existe unha elevada sensibilidade a respecto da problemática do eucalipto. Mais a *omertà* forestal, fomentada por anos de políticas caciquís e clientelismo, coarta a veciñanza á hora de presentar denuncias, polo que acode a ADEGA para prestarlles ese servizo. A presión xerada por estas denuncias sobre a administración resultou na apertura de numerosos expedientes sancionadores, que obrigaron a retirar plantíos ilegais e nalgúns casos derivaron en multas.

Especial atención merecen os danos provocados pola industria do eucalipto no patrimonio histórico-arqueolóxico. ADEGA, xunto con colectivos como Ma-

PARA ALGÚNS ESTAMENTOS INSTITUCIONAIS, A NORMATIVA AMBIENTAL CASE É DE "OBRIGADO INCUMPRIMENTO"



riña Patrimonio e Cultura do País, temos denunciado danos masivos en xacementos dende o Paleolítico até a Idade Media, na área da Mariña e N de Lugo. E supoñemos que isto é a punta do iceberg do que podería estar a acontecer en moitos montes galegos sometidos á ditadura do eucalipto. Extrapolando os

datos ao preto do medio millón de hectáreas eucaliptizadas en Galiza, a magnitude da afección patrimonial (con danos por veces irreparábeis sobre o ben, chegando mesmo até a desaparición do xacemento) e o impacto cultural asociado, podería ser inmensa.

Perante a gravidade dalgunha des-

ta agresións, e a pasividade da administración de Montes e Patrimonio Cultural, estamos agora a traballar na recompilación de datos e probas para o seu traslado á administración de xustiza. Daquela será a fiscalía e o xulgado os que terán que avaliar as responsabilidades tanto dos infractores como dos

responsábeis públicos nas desfeitas patrimoniais denunciadas.

Estas iniciativas nos eidos administrativo e social complementáanse cunha intensa actividade de sensibilización e concienciación social a respecto da problemática do eucalipto. Constituído e participando en diversas plataformas sociais, desde a Alianza Rural (coa CIG, FRUGA e ORGACCMM), a iniciativa “Stop Eucalipto, Avante Carballo” coa totalidade dos colectivos ambientalistas do país, e especialmente na rede “Cousa de Raíces”, xunto con máis de 60 organizacións, ADEGA pretende trasladar a preocupación e as propostas a respecto do eucalipto a unha sociedade cada vez máis sensibilizada.

DENUNCIAR OS INCUMPRIMENTOS QUE MANTEÑEN OS NOSOS RÍOS E RÍAS NA UVI

Malia a un extenso corpus legislativo que visa a protección das augas continentais e litorais, na súa maior parte derivado da transposición das Directivas europeas Marco da Auga e de depuración de augas residuais urbanas, os incumprimentos por parte do Estado español e nomeadamente de Galiza son reiterados. Fica claro que non é unha prioridade da Xunta acometer o saneamento dos nosos ríos e rías, e os reiterados incumprimentos dos prazos para depurar os efluentes urbanos xa provocaron importantes multas que rematará custeando a cidadanía.

No noso país o problema acrecén-tase tanto en cantidade (Galiza conta co maior número de entidades de poboación do Estado con efluentes sen depurar) como en calidade, xa que a contorna das rías, ecosistemas moi sensíbeis e produtivos, acolle unha importante actividade industrial e concentración de poboación, e por tanto maior contaminación. A isto hai que engadir a miopía das administracións que teiman en investir en sistemas “final de tubo” pouco acaídos á nosa realidade (como as depuradoras centralizadas,

[Continúa na páxina seguinte](#)

Paga a pena para unha ONG expoñerse a eventuais querelas por preservar uns cantos metros cúbicos de corais frios do fondo da ría? Desde ADEGA entendemos que si! Foto: Distrito Xermar.

Normativa ambiental e reivindicación

Vén da páxina anterior

moi custosas de construír e operar) e a case nula política de prevención e aforro de auga.

Alén das verteduras urbanas e industriais, a permisividade con industrias como as celulosas, as macro-piscifactorías, as explotacións mineiras, ou as grandes centrais hidroeléctricas, por poñer algúns exemplos, fan que novamente Galiza estea á cola do cumprimento da Directiva Marco da Auga que obrigaba a garantir o bo estado ecolóxico das augas continentais por volta de 2015.

Non foron poucas as actuacións de denuncia que ADEGA ten realizado neste eido, marcando moi de preto proxectos sectoriais como o acuícola, que en tres lexislaturas non conseguiu desenvolver máis que unha soa instalación, e das de menor impacto. Tamén os macroproxectos hidráulicos de Iberdrola e Fenosa, particularmente os da Ribeira Sacra, fican medio esquecidos nunha tramitación administrativa tan dilatada que busca precisamente o esquecemento ou o esgotamento das entidades que nos atrevemos a plantarlle cara ás todopoderosas eléctricas e aos seus políticos subsidiados.

Nesta continua batalla polo futuro dos nosos ríos e rías, tamén prestamos atención á ameaza que supón a minaría contaminante. Sexa ouro ou volframio, o modelo de aproveitamento dos recursos mineiros lembra moito ao do período colonial: as novas metrópoles son as transnacionais e os fondos de investimento, que pretenden engordar as súas contas o máis rapidamente posíbel a costa do ambiente e da saúde da cidadanía. Temos moi claro que mentres na Xunta sigan pensando que “Galiza é unha mina”, territorio aberto para a minaría contaminante, xurdirán máis Corcoestos ou resucitarán outros como as minas de San Fins, coa súa carga de veneno apuntando directamente ao corazón da ría de Noia.

Neste senso, e como nos dous casos citados, o papel de ADEGA consis-

te en alertar a cidadanía ofrecéndolle a información e os argumentos precisos para poder avaliar con criterios obxectivos estes proxectos, alén da cortina de fume dos postos de traballo e a descarga mediática que ofrecen as empresas, coa cooperación necesaria dalgunhas administracións.

UNHA REDE NATURA XIBARIZADA

Se hai algunha ferramenta lexislativa ambiental que poidamos considerar como exemplo de fracaso na súa posta en marcha en Galiza, esta podería ser a Rede Natura. O que pretendía ser unha rede ecolóxica coherente, un instrumento para conservar os mellores elementos do noso patrimonio natural e unha oportunidade para desenvolvemento de iniciativas sustentábeis nestas áreas, rematou sendo unha cativa listaxe de lugares ecoloxicamente desconectados e socialmente vilipendiados.

En ADEGA temos claro que a Rede Natura, fronte á imaxe intencionadamente restritiva e limitadora que dela teñen amplos sectores sociais, moitas veces fomentada desde as propias administracións, debería cumprir ademais da súa función ecolóxica unha outra social non menos importante: servir de motor de iniciativas económicas sustentábeis e xustas, e contribuír a combater o abandono do noso medio rural. En troques, lexislouse para xibarizala, reducíndoa –literalmente– á mínima expresión, e deseñando –tarde e mal– ferramentas de xestión desenfocadas e calculadamente discrecionales.

Con todo, o espírito e a literalidade das Directivas de Hábitats e de Aves, berce da Rede Natura 2000, deixa ben claro que este patrimonio natural público non pode ser obxecto de componendas para o beneficio de determinados intereses. As administracións non poden obviar que, no tocante á conservación destes elementos naturais senlleiros, as regras de xogo son iguais para todas e todos: para un veciño do Courel e para unha empresa louseira; para unha marisca-



dora de Mugar dos e para Reganosa...

Por iso cando por acción ou omisión preténdense autorizar actuacións en espazos protexidos que como canteiras, dragados ou mesmo infraestruturas de comunicación resultan incompatí-

beis coa preservación do patrimonio natural –e público– que atesouran, non temos máis opción que denunciar e acudir á xustiza para facer respectar a legalidade. Triste é que o papel dunha ONG teña que ser a de parar os goles

Fins Eirexas é secretario executivo de ADEGA.

Se hai algunha ferramenta lexislativa ambiental que poidamos considerar como exemplo de fracaso na súa posta en marcha en Galiza, esta podería ser a Rede Natura.

ón ecoloxista



que a propia administración tenta meter ás leis de conservación, mais que sexan os poderes públicos os que toleren ou mesmo alenten estes feitos apunta a serias disrupcións no sistema democrático.

Casos como o dragado da ría de Ferrol autorizado para facilitar aos gaseiros de Reganosa un maior calado, ocultando informes técnicos contrarios e falsificando outros ad hoc, remataron nada menos que cun ex-director

xeral, un ex-subdirector xeral e un xefe territorial de conservación no banco dos acusados. Paga a pena para unha ONG facer este investimento de tempo e cartos, expoñéndose ás eventuais querelas por rebote, por uns cantos metros cúbicos e corais fríos do fondo da ría? Desde ADEGA entendemos que si, porque cómpre dar exemplo e facer pedagogía polo que atinxe ao respecto das normas, tamén as ambientais, que nos temos dado. E porque hoxe son “catro pedras” como se ten dito no xuízo, mais mañá poderían ser catro fragas, catro dunas, catro ríos...

POÑERMOS EN VALOR UN PATRIMONIO PÚBLICO QUE ESMORECE POR DESLEIXO: DE IRIMIA A EIRÓS

En ADEGA tampouco esquecemos a íntima conexión que existe entre o patrimonio natural e aqueloutro derivado da actividade humana a través o tempo, quer o histórico-arqueolóxico, quer o inmaterial e cultural. E unha das premisas, quizás a primeira, para conservar e poñer en valor esta herdanza é coñecelo, sabermos que existe e que é valioso para entendermos o pasado e enfrontarmos o futuro.

Espazos emblemáticos como o Pedregal de Irimia, o berce do Pai Miño, non poden ficar sen protección e recoñecemento legal, abocados a servir de atrezzo ou curiosidade folclórica no medio de interminábeis plantíos de eucalipto. As leis de Patrimonio e Paisaxe non son as que confiren sentido a estes elementos, senón ao contrario: son estes valores senlleiros os que criaron a necesidade de seren recoñecidos e preservados, e o descoñecemento, incumprimento ou desleixo coa norma non pode ser excusa para a súa degradación.

Xa que logo, o nacemento do Miño ten un valor intrínseco, á marxe da calidade dos elementos obxectivos que o compoñen, paisaxísticos e xeolóxi-

cos –por certo, tamén sobranceiros–, alén do patrimonio inmaterial que atesoura. Mantelo no seu contexto natural orixinal, malia a ilegalidade ou legalidade técnica dos eucaliptais que xa case o arrodean, dá a medida do respecto que temos por nós mesmas e mesmos e pola nosa cultura como pobo. Garantir a súa protección efectiva debiera ser un deber “de oficio” da administración, e non unha cuestión que debe resolver un expediente iniciado de parte, desta volta a instancias de ADEGA.

Mais quizás o caso máis sangrante do desleixo da Xunta pola conservación e posta en valor do noso patrimonio é o acontecido coa Cova de Eirós. Este valiosísimo achado pode ser considerado como a Altamira e a Atapuerca galega a un tempo. Acubilla pegadas das primeiras representacións artísticas dos poboadores paleolíticos e testemuñas da presenza de cando menos dúas especies de homínidos, alén dunha interesantísima fauna fósil.

Como e posíbel que case unha década despois dos achados máis importantes, a ameaza da canteira de calcaria de Cementos Cosmos siga pairando sobre este xacigo? ADEGA leva formulado perante a Consellaría de

Cultura varias peticións de incoación de expediente para declarar como BIC (Ben de Interese Cultural) a Cova de Eirós (anos 2012, 2014, 2015 e 2016), e até hoxe. E non só iso, senón que en outubro de 2014 Cosmos, en conivencia coa Xunta, escavou e retirou toda a cuberta vexetal e de terra que protexía a cova até chegar a 50 metros de distancia ao teito da xacemento, causando importantes danos. Unha denuncia de ADEGA na Fiscalía paralizou daquela a actividade da canteira, e un contencioso interposto recentemente pretende solucionar xudicialmente a inxustificábel tardanza de Patrimonio en resolver a protección da cova.

O ACONTECIDO COA COVA DE EIRÓS É O CASO MÁIS SANGRANTE DO DESLEIXO DA XUNTA POLA CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO NOSO PATRIMONIO

6



— Augas de Galiza confirma a alta contaminación da mina de San Fins

En xaneiro, ADEGA denunciaba as verteduras ao dominio público desde a mina de San Fins, de Tungsten San Fins SL (Grupo SACYR). Tras novas inspeccións e análises, Augas de Galiza vén de confirmar a gravidade desta contaminación. Algúns metais tóxicos como o Cd, Cu e Zn sobardan os límites legais, mesmo 1500 m augas abaixo da mina. Cómpre lembrar que o rego de San Fins desauga no Vilacoba e este na ría de Noia, centro dunha grande produción marisqueira...

2



— 6 medidas urxentes para salvar os bosques e poñer coto ao eucalipto

Velaí a proposta dos máis de 60 colectivos que integramos a rede "Cousa de Raíces" feita o 21 de marzo, día Forestal Mundial, para evitar que en poucos anos o eucalipto colonice a totalidade do país: 1. A moratoria para novos plantíos, seguindo o exemplo de Portugal; 2. Prohibición do *E.nitens*, considerada especie invasora moi perigosa polo Ministerio; 3. Veto aos cultivos enerxéticos; 4. Ecotaxa ao aproveitamento desta especie; 5. Cumprimento estrito da lexislación forestal, ambiental e de patrimonio; 6. Promoción dos aproveitamentos sustentábeis alternativos.

Actualidade ambiental en imaxes

— Nova lei de patrimonio natural

un anteproxecto co que a Xunta pretende adulterar e rebaixar as obrigas de conservación, na liña dunha protección discrecional sometida ao urbanismo e outros intereses económicos. A Xunta está a cociñar unha norma "Frankenstein" facendo un remexido da lei do Patrimonio estatal, a norma de Castela e León, cun chisco da lei de Parques Nacionais, e unha redución da Directiva de Hábitats, para deconstruír a protección da natureza galega.



— Situación e conflito do lobo en Galiza

un informe que vén de elaborar Martiño Nercellas, biólogo e vogal de biodiversidade de ADEGA, co que a Asociación ecoloxista desmente determinados supostos e crenzas falsas, como a idea de que a poboación de lobo ten aumentado. O informe amosa tamén o fracaso e a arbitrariedade dos chamados "controis poboacionais", que non adoitan cumprir co seu fin e mesmo poden empeorar a situación e provocar máis ataques.

— Obradoiro de construción de fornos solares na UDC

Tivo lugar a finais de marzo, como preparativo do V Encontro Solar na UDC que celebraremos o 27 de abril en Elviña. Para o evento tivemos este obradoiro impartido por Juan Bello (CIFP Someso), para aprender a construír fornos solares, a partir de caixas de cartón reutilizadas. Alcanzarán 150 °C de temperaturas e permitirán a preparación de menús moi diversos e sustentábeis. Facebook OMA-UDC.



ADEGA traballa arreo na defensa ecolóxica de Galiza, como podes ollar neste breve resumo das últimas semanas. Non fiques parada: súmate á defensa ecolóxica de Galiza, visita a nosa web (www.adega.gal) e participa nos grupos activos ou faite socio/o.



6

— A compostaxe nos centros de ensino

No último mes tocou revisión aos composteiros instalados no colexio Raíña Fabiola en Santiago de Compostela. O alumnado de cuarto está participando activamente neste proxecto e os residuos orgánicos das merendas e parte do comedor compóstanse no centro.



7

— Campaña de primavera do Proxecto Ríos

O 15 de abril comezou a campaña de primavera do Proxecto Ríos, e con ela as saídas formativas cos grupos aos ríos galegos. O Proxecto Ríos bateu en 2016 o seu tope histórico, con 353 grupos participantes, dos que un 41% completou todo o programa co envío dos respectivos informes de inspección. O informe global 2016 dá como resultado un 30% dos tramos inspeccionados en moi bo estado, un 40% en bo estado, e o restante 30% nas categorías inferiores de moderado, deficiente e mal estado.



8

— Presentación do proxecto Noucho en Compostela

ADEGA continúa coas palestras no seu local Nacional. O pasado 30 de marzo, Carla Soaje e Daniel Monteagudo, do Grupo Naturalista Hábitat, presentaron o Proxecto Noucho, que ten por finalidade o estudo e seguimento das rapinas nocturnas, un proxecto aberto a participación cidadá.



9

— Roteiro por Chantada: vides, adegas e batuxos

Foi o domingo 26 de marzo, con 10 quilómetros de percorrido para poñer en valor a cultura do viño e coñecer os batuxos do Miño. Alén da visita a vides e adegas de Chantada, contamos coa presenza dun honorable ribeirego, o contacontos Anxo Moure, quen nos falou duns seres máxicos que habitan no Miño, as xacias.
 Próximos: 23 Abril, ás Ferrerías e Fornos (A Pontenova) / 21 Maio: A vida comunal (Negueira de Muñiz) / 11 Xuño: Os muiños do Picón e do Folón (O Rosal).
 Reservas de praza: 982240299, 679113718, adegalugo@adega.gal.

«A protesta na rúa visualiza

mellor os conflitos, mais chega a menos xente que unha ciberacción»

ADEGA foi protagonista de loitas históricas, contra os vertidos radioactivos na Fosa Atlántica, contra a incineración do lixo, contra os grandes encoros e os centenares de minicentrales nos ríos... Para **Fins Eirexas, secretario executivo** da asociación, **ADEGA** segue a ser unha organización netamente reivindicativa, e ao tempo adaptada á era dixital: “Na miña opinión, a sociedade galega percibe ADEGA como unha ferramenta útil ao servizo da cidadanía e unha garantía da defensa da nosa natureza”. Fins afirma que un peso importante das iniciativas de educación ambiental e voluntariado hoxe en día é o resultado desa adaptación, e complementa o labor reivindicativo.



Manuel Soto

Que éxitos recentes destacarías do traballo de ADEGA?

ADEGA vén mantendo unha actividade continuada ao longo de máis de 40 anos, o que hai que valorar tamén como un éxito. Tivemos nestes últimos anos un papel chave en loitas e reivindicacións concretas, como son os megaproectos acuícolas, as grandes explotacións mineiras ou a segunda incineradora. Con todo, a actividade reivindicativa tornouse máis dispersa, propia dun momento no que hai un amplo corpus normativo mais tamén a necesidade continuada de denuncia ou “marcaxe” a proxectos que pretende saltarse as normas.

Segue ADEGA a fomentar unha visión crítica da sociedade sobre o modelo de desenvolvemento?

Eu diría que ese segue a ser o noso obxectivo principal, de xeito que ao acadalo, o ecoloxismo deixaría de ser necesario... Mágoa que isto non vaia a acontecer denantes de que a situación nalgúns casos sexa xa irreversible (mudanza climática, perda de diversidade e deterioración de servizos ecosistémicos...). Avanzarmos cara a esa consciencia crítica incardinada en postulados ecoloxistas (biocentrismo fronte a antropocentrismo, por exemplo) require traballarmos nunha dupla vía: a clásica de denuncia e da reivindicación, e tamén a da educación ambiental dirixida a mudar actitudes e a espertar a consciencia individual.

Que papel xoga o voluntariado ambiental nos obxectivos da loita ecoloxista?

Sen dúbida contribúe a acrecentar a consciencia crítica! Facérmonos conscientes das nosas respon-

sabilidades como individuos nas problemáticas ambientais, tanto como parte deses problemas como tamén das solucións, e en consecuencia facérmonos parte activa, resulta fundamental para comezar a transformar a realidade. É fundamental conectar as iniciativas locais de voluntariado coas problemáticas globais.

Ciberaccións ou concentracións na rúa?

É evidente que cunha acción reivindicativa de rúa se visualizan directamente os conflitos, mais chega a menos xente que unha ciberacción. Penso que debemos combinar ambas: o peso das redes sociais fai imprescindible que pensemos nelas como ferramentas privilexiadas para a información e o (ciber)activismo: fan chegar as nosas mensaxes sen intermediarios a moita máis xente. Tamén para os poderes políticos e económicos poden funcionar como unha importante ferramenta de presión. Mais cómpre que o ciberactivismo non fiquese desconectado da realidade. As rúas cheas de xente contra a macrominaría, a piscicultura industrial, os lumes, ENCE... seguen sendo a mostra dunha sociedade viva.

Estase a facer labor de lobbí sobre as administracións?

Efectivamente, tamén xogamos ese papel. Mais non tanto pola forza real que temos como contrapoder, que cunha determinada mobilización poida causar perda de votos ou deteriorar a conta de resultados dunha grande industria contaminante... Coido que o que máis acusan é o risco de que poidamos sacar á luz as estratexias ocultas, de que poñamos diante da sociedade as razóns do espolio revirando as cartas do *trileiro*, dándolle á cidadanía argumentos para posicionarse e reflexionar criticamente.